Acta da sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do día 8 de novembro de 2024

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **8 de novembro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
María Deza Martínez
(Vicepresidenta)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Cristina Campero Dorado
(en substitución de Ángel Rodríguez Conde)
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
María Felisa Rodríguez Carrera
Borja Verea Fraiz
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Paloma Castro Rey
(en substitución de Lara Méndez López)
Patricia Iglesias Rey

Comparecente:
Director xeral de Comercio e Consumo

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, despois de xustificar a inasistencia do señor Ojea Bouzo (M). Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Pregunta

1.1 12112 (12/POC-002005)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis
Sobre o proceso participativo que se está a desenvolver cara á elaboración do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, os colectivos implicados e os aspectos que se debaten
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97f2, do 09.10.2024

A **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P)**, expón os motivos nos que se basea a formulación desta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

Para dar resposta a esta iniciativa intervén, en nome da Xunta de Galicia, o **director xeral de Comercio e Consumo (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Gabriel Alén Castro.**

En rolda de réplica, a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P),** agradece a información recibida, que comenta, e sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **director xeral de Comercio e Consumo, señor Alén Castro,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A señora presidenta agradece a presenza do señor Alén Castro nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 2514 (12/PNC-000324)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que encargue un estudo á Cátedra de Turismo Sostible da Universidade da Coruña relativo á evolución da actividade turística en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Pérez López, José Daniel (BNG)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, intervén en primeiro lugar a **señora Castro Rey, Paloma (S),** para amosar o apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

En segundo lugar intervén o **señor Verea Fraiz, Borja (P)**, quen, logo de expoñer diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións o **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** expón diversas discrepancias coas razóns de rexeitamento da iniciativa por parte do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia.

2.2 4569 (12/PNC-000556)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 3 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia do inicio da licitación e execución en 2024 da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo, que conectará o polígono industrial de Bértoa co sur da localidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Tampouco a esta iniciativa se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Intervén polo **G.P. Popular de Galicia o señor Lorenzo Gómez, Rubén,** quen, tras rebater moitas das argumentacións expostas pola señora propoñente, xustifica o rexeitamento da iniciativa por parte do seu grupo parlamentario, ao tempo que valora positivamente os traballos que se están a levar a cabo dende o Goberno galego.

Na rolda de puntualizacións a **señora Castro Rey, (S),** logo de incidir na importancia desta iniciativa, critica a intervención do voceiro do G.P. Popular de Galicia e propón unha transacción consistente en substituír “ano 2024” por “ano 2025”.

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 6610 (12/PNC-000792)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 máis
Sobre as accións que debe levar adiante o Goberno galego co obxectivo de recuperar as axudas públicas transferidas á empresa Stellantis para o desenvolvemento dun novo modelo que finalmente non se producirá en Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024

O **señor Ruanova Vilas-Boas (BNG**), procede á defensa desta iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

A esta proposta tampouco se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey, Patricia (S,)** quen, despois de adiantar a abstención do seu grupo a esta proposta, explica as razóns deste posicionamento.

Nesta mesma rolda o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** amosa o seu posicionamento en contra, tras responder as alegacións formuladas polo/a voceiro/a que o precederon no uso da palabra e defender a xestión da Xunta de Galicia.

Na rolda de puntualizacións o **señor Ruanova Vilas-Boas (BNG),** logo de matizar as argumentacións expostas pola voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia, rexeita os argumentos do voceiro do grupo maioritario e matiza as actuacións que sinala se están a levar a cabo dende a Xunta de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 2514 (12/PNC-000324), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

2.2 4569 (12/PNC-000556), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 6610 (12/PNC-000792), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 5
Votos en contra: 9
Abstencións: 2

Non habendo máis asuntos que tratar, a señora presidenta agradécelles a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:20 horas.

Cristina Sanz Arias

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.04 10:57:17 +01'00'

P. e p.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Ramón Fernández Alfonzo

Firmado digitalmente por Ramón Fernández Alfonzo
Fecha: 2025.02.04 10:48:05 +01'00'

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión